

**Nº 29**

**Mércores, 28 de marzo de 2011.** Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio** do Museo Provincial de Lugo. Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

No bicentenario da Constitución de 1812 (*A Pepa*), promulgada o 19 de marzo de 1912 en Cádiz.

## SUMARIO

### Portada musical

*Canon* (Pachelbel), por **Carla Mondelo Coria e Hugo Rodríguez Rey (Ensemble de Corda)** (3')

### O nacemento dun museo

No 80º aniversario do acordo de creación do MPLugo, por **Fernando Arribas** (10')

### Música

*Oboe de Gabriel* (Ennio Morricone "La Misión"), por **Carla Mondelo Coria e Hugo Rodríguez Rey (Ensemble de Corda)** (3')

### Bicentenario da Constitución de 1812 (I)

*Todos os partos son complicados..., mais en todos alumea unha nova vida. 200 anos da Constitución liberal de 1812*, por **Xosé Ramón Veiga Alonso** (10')

### Música

*Tú, gitana* (Luar na Lubre), por **Carla Mondelo Coria e Hugo Rodríguez Rey (Ensemble de Corda)** (3')

### Poesía

*Poesía Sentimentalista*, 1, por **Manuel Celso Matalobos** (5')

### Música

*Minuetto* (Boccherini), por **Carla Mondelo Coria e Hugo Rodríguez Rey (Ensemble de Corda)** (3')

### Bicentenario da Constitución de 1812 (e II)

*... e nese parto tamén houbo lugueses. Os deputados nas diárias lexislaturas de 1810-1814*, por **Xosé Ramón Veiga Alonso** (10')

### Música

*O son do ar* (Luar na Lubre), por **Carla Mondelo Coria e Hugo Rodríguez Rey (Ensemble de Corda)** (3')

### Poesía

*Poesía Sentimentalista*, 2, por **Manuel Celso Matalobos** (5')

### Exposición virtual

*Quen lle dá a volta á tortilla?*, por **Paula Cabaleiro** (10')

### Música

*O xove príncipe e a xove princesa* (Rimski-Kórsakov), por **Carla Mondelo Coria e Hugo Rodríguez Rey (Ensemble de Corda)** (3')

### Poesía

*Poesía Sentimentalista*, 3, por **Manuel Celso Matalobos** (5')

### Opinión

Intervención do público (5')

### Epílogo

por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística (3')

### Contraportada musical

*Love Me Tender* (Elvis Presley), por **Carla Mondelo Coria e Hugo Rodríguez Rey (Ensemble de Corda)** (3')

## COLABORAN NESTE NÚMERO

**Fernando Arribas Arias.**- Profesor de EXB e licenciado en Humanidades, traballa como Técnico de Difusión no Museo Provincial de Lugo. Etnógrafo e historiador de cine, leva publicados diversos libros e artigos sobre a séptima arte en Lugo e sobre os cruceiros da Terra Chá. Conferencante e investigador, actualmente prepara a súa tese de doutoramento sobre os cruceiros galegos. Membro da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico de Lugo en representación do Consello da Cultura Galega.

**Paula Cabaleiro.**- Nace en Cangas do Morrazo (1986). Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo no 2009, estudiou o Máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporánea na USC. Artista multidisciplinar, cofundadora do colectivo artístico 20 65 co que realiza múltiples exposicións en España e Portugal. Seleccionada en certames como *Arte no Morrazo*, Premio de Grabado Xesús Nuñez da Fundación CIEC, Máximo Ramos de Grabado da Fundación Torrente Ballester, etc. Comisaria da exposición colectiva “*Que ves cando me ves?*” en Santiago de Compostela, coordinadora de arte no proxecto co mesmo nome; formou parte do equipo de producción da Bienal de Pontevedra do 2010, da Feira Espazo Atlántico (2010-2011) e do departamento de Didáctica do MACUF. Expón na Rede Museística de Lugo (Pazo de Tor, Museo Etnográfico San Paio de Narla e Museo Provincial do Mar) no proxecto “*Arte de ser muller nun mundo por compartir 3.0*” e na mostra itinerante “*Camiños en Feminino*”, da Fundación Camiños de Santiago. Entre os últimos proxectos participa na colectiva *Torrearte* (Madrid), “*A arte de ser muller nun mundo por compartir 4.0*”, e no proxecto “*Quen lle dá a volta á tortilla?*” promovido pola Rede Museística da Deputación de Lugo, MUSAC de León e MuBAM de Murcia. Codirectora da galería de arte contemporánea *A.dFuga* (Santiago de Compostela), xestora cultural e comisaria independente.  
[\(<http://www.paulacabaleiro.blogspot.com>\)](http://www.paulacabaleiro.blogspot.com)

**Manuel Celso Matalobos.**- Catedrático de Lingua e Literatura Galegas no IES *Lucus Augusti*, centro do que foi vicedirector e sobre o que publicou numerosos traballos de carácter multidisciplinar. Foi profesor de Didáctica no ICE da USC, coordinador provincial do Gabinete de Reforma Educativa e coordinador docente de Galego. Colaborador na prensa galega e en revistas literarias (Dorna, Grial, Xistral...), recibiu varios premios de carácter literario e didáctico: Buril das Letras Galegas (Burela, 1986), Rosalía de Castro (Cornellá, 1993). Coordinaou edicións de textos escolares para ESO e BAC así como a colección *Cadernos para o ensino*. Publicou diversos traballos sobre autores galegos (Castelao, Cunqueiro, Álvarez Blázquez...), colaborou na tradución ao galego do *Código Calixtino* (2009) e no *Dicionario Galego-Latino, clásico e moderno* (2010). Participou en traballos colectivos (Poemas e contos da muralla, Poetas en lugo, Ronsel...) e individuais: *Lugo e a lírica medieval galego-portuguesa* (1985), *A natureza en “La hija del mar”*, Rosalía de Castro (1986), *Escolma poético-musical galega* (1990), *Lingua e publicidade* (1993), *Humorismo e lírica satírica* (1996) etc. É autor dos

poemarios: *Prestixio. Versos sen nicotina* (2003), *Retratos literarios* (2005), *Elementos de arquitectura sentimentalista* (2007) e *Sentimentalismo. Antoloxía de referencia*, con Olga Patiño (2011).

**Ensemble de corda.**- Agrupación de músicos profesionais que ameniza todo tipo de actos públicos e privados: eventos familiares, congresos, inauguracións... **Hugo Rodríguez Rey** empezou os seus estudos musicais con 8 anos no Conservatorio Profesional de Música de Lugo na especialidade de violín. No 2006, entra no conservatorio superior de música da Coruña onde se licencia en 2011. De 2009 a 2011 entra como alumno activo na E.A.E.M. en Santiago de Compostela. Colaborou con diversas orquestras como OJSG, VOS S.XXI, JOSS... Actualmente imparte clase en varias escolas e forma parte da Orquestra Gaos. **Carla Mondelo Coria** empezou os seus estudos musicais na especialidade de violín aos 7 anos no Conservatorio Profesional de Música de Lugo. En 2006 entra no Conservatorio Superior de Música da Coruña, onde actualmente está no último curso da carreira. Colaborou con diversas orquestras como a OJSG, orquestra da EAEM, Orquestra Gaos, VOS S.XXI e ORQUESTRA DE XOVE entre moitas outras. Recibiu clase de violinistas como Rubén Gimeno, Rafael Muñoz e Armando Toledo, entre outros.

**Xosé Ramón Veiga Alonso.**- Nacín en Foz un 28 de marzo de 1968, hai xustamente 44 anos. Son doutor en Historia Contemporánea e Premio Extraordinario de Doutoramento pola USC. Profesor titular do Dpto. de Historia Contemporánea e de América, e actualmente imparto aulas na Facultade de Formación do Profesorado e na Facultade de Humanidades (as dúas no campus de Lugo) e mais no Máster Interuniversitario de Historia Contemporánea. Exerzo tamén como secretario da Cátedra Juana de Vega de estudos do liberalismo e como secretario do máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (Facultade de Formación do Profesorado). Tenho publicado dous libros: *Progreso, prensa e ferrocarrís en Galiza. A actividade do conde de Pallares (1855-1883)*, Lugo, 1996 e *O conde de Pallares e o seu tempo (1828-1908)*. Aproximación ao activismo das elites na Galiza decimonónica”, Lugo, 1999. Tenho colaborado en múltiples libros de autoría colectiva (o último, *Política y campesinado en España. Siglos XIX y XX*, Granada, Comares, 2011), en revistas especializadas (Hispania, Ler Historia, Spagna Contemporanea, Historia Social, Studia Histórica, Mélanges de la Casa de Velázquez, Historia Contemporánea, Historia Agraria, Grial, Cuadernos de Estudios Gallegos, A Trabe de Ouro...) e por suposto no Boletín do Museo Provincial de Lugo), ademais de ser coeditor dun par de libros dentro das investigacións da Cátedra Juana de Vega. Os meus temas de pescuda vincéllanse co s. XIX, tanto a nivel de historia política (biografía, eleccións, construcción de cidadanía, dinámicas do poder local...) como a nivel de historia agraria.

\*\*\*\*\*